

Ortegal-As Pontes

Arciprestado da diocese de Mondoñedo-Ferrol, a denominación do cal alterna coa de Ortigueira-As Pontes. Ten a súa orixe no decreto episcopal de 19 de xuño de 2006, polo que o bispado pasou a se articular en sete arciprestados. En virtude deste decreto, quedaron adscritas a esta demarcación as parroquias pertencentes á diocese mindoniense localizadas nos concellos de Cariño, Mañón, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas e Monfero. Con anterioridade, estas freguesías conformaban os extintos arciprestados de Ortigueira e As Pontes.